


Cando chegaron alí contáronlle ao señor Mandamais e a todos os seus secuaces as cousas coas que non estaban nada, nada de acordo.

E todos eles puxéronse moi, moi anoxados e, coas caras vermellas de carraxe, dixéronlles que esas eran as normas e había que cumprilas.

Entón Inés tivo unha magnífica idea:

- Imos votar o que queremos facer!



Votaron que querían cociñar e pasar o ferro e facer as camas as mamás e os papás, as nenas e os nenos, as avoas e os avós. Votaron que non querían que mandara o señor Mandamais no seu país.

E escribiron todas estas novas normas nun papel lila:

A CONSTITUCIÓN

E asinaron unha a unha, e un a un.

E pensaron e pensaron e decidiron que un país no que as nenas e os nenos están contentos, no que as nais e os pais colaboran xuntos, no que os avós e as avoas non están tristes... tense que chamar:

O país da IGUALDADE



Adaptación da obra de Paloma Rodríguez e Cristina Justo - Edicións: embora
Ilustracións: alumnado de 2ª e Infantil 4/5 anos



8 DE MARZO DE 2012 DÍA DA MULLER

BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira



Había unha vez moi lonxe, moi lonxe,
pero que moi lonxe un estraño país:

O PAIS DOS MANDÓNS

Un país onde, como podeses imaxinar,
lles gustaba moitiño **MANDAR**.

Nese país tan estraño sucedían cousas



tamén moi estrañas que a xente non comprendía:
As nais, as avoas e as nenas só podían facer unha
cousa: traballar e traballar e volver a traballar
na casa: **Facían as camas**, cociñaban, pasaban o
ferro, lavaban a louza, lavaban a roupa, varrían...

NON podían ir á piscina nin á praia.

NON podían saír de paseo.

NON podían ir ao cine nin ao teatro.

NON podían facer ximnasia.

NON podían ler libros nin o xornal.

NON podían tocar música.

NON podían facer excursións.

NON podían andar en bici.

Iso non lles gustaba **nada de nada**



Por iso as veces estaban tristes e outras veces estaban moi pero que
moi enfadadas. Tampouco os papás, os avós e os nenos estaban felices.


NON NON NON NON NON NON

Non lles gustaba nada non poder ir coas nenas á escola e ao parque.

Non lles gustaba nada non poder ir coas mamás e as avoas ao cine.

Non lles gustaba nada non poder ir á praia, non
poder ir de excursión, non poder andar en
bici... coas mamás, coas nenas, coas avoas...

Así, no afastado país dos mandóns, ninguén
estaba contento.



- Pois vaia leria de país -dicían os papás
e as mamás.

- Pois vaia país máis aburrido -dicían os
nenos e as nenas.

Así que decidiron que era preciso facer
algo para mudar as cousas. O primeiro

que fixeron foi xuntarse todas e todos na casa de Olimpia:

E pensaron e pensaron...

E falaron e falaron...


Ata que Celia e Félix dixeron:

- Non hai máis remedio. Non hai outra solución. Temos que falar co
señor Mandamais.

- **Ohhhh!!!** -dixeron todas e
todos- **Co Señor**

MANDAMAIS!!!!!!

E que o señor Mandamais dáballes
un pouco de susto.



O señor Mandamais mandaba no país dos mandóns axudado polos
seus secuaces: o señor Capitoste,
o señor Ameazo, o señor
Nonsepode o señor Comoedigo, o
señor Quedasnacasa, o señor
Tinonvás...



Entre todos eles fixeron as normas do afastado país **DOS**
MANDÓNS.

E puxéronse en camiño, o día 8 de marzo, nunha longa fila india de pais
e nais, avós e avoas, nenos e nenas que levaban posta unha bufanda lila
para que todo o mundo soubese que ese grupo ía en misión especial.

